

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Lectura e comprensión lectora

A pantasma divírtese

O xuíz deu a saída da medio maratón e os corredores saíron loitando desde o comezo polos primeiros postos.

O participantes eran moitos, algúns chegados desde moi lonxe, incluso de países africanos.

Á cabeza ían Smith, Keita, Bihar, e tamén o español Rioxa: os catro eran figuras mundiais. De súpeto o dorsal 157 tropezou e caeu ao chan, alguén do público berrou o seu nome para animalo:

—Rioxa!

O resto do público corea:

—Rioxa! Rioxa!

O corredor púxose de pé deu uns pasos e volve caer.

Alguén di cruelmente: «Rioxa xa vai vello!».

Entón ocorreu!

Ocorreu a cousa mais estraña da historia das carreiras, Rioxa perdeu o seu dorsal, só que ese cacho de tea, co número 157, non caeu ao chan!!

Quedou flotando no aire. E botou a correr!

Xa sabemos que as teas nos corren pero aquela corría detrás dos corredores que ían en cabeza. Adiantou a Keita, a Bihar, e continuou detrás de Smith.

Rioxa, estupefacto e chorando sentado no chan, seguía a traxectoria do seu dorsal, que por fin adiantou a Smith. Despois diso revoloteou no

aire xirando como se alguén o axitara sobre a súa cabeza. Só que ese alguén parecía invisible? Era invisible!

A verdade era que alguén fixera todo iso, e posible que nunca saibamos o motivo pero o certo era que os dorsais non van por aí gañando carreiras. Ese alguén chamábase Xerardo Humberto Oliverio Taylor, e certamente era invisible.

Como é posible?

Moi sinxelo.

Xerardo Humberto Oliverio era unha pantasma.



Manuel L. ALONSO

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Lectura e comprensión lectora

1. Que é un dorsal?

O número que identifica a cada corredor.

2. A quen pertence o dorsal número 157?

A Rioxa.

3. Que nome recibe a carreira?

Medio maratón.

4. Ordena as seguintes oración segundo ocorran.

- 4 O dorsal número 157 botou a correr.
- 1 O xuíz dá a saída da carreira.
- 3 O público corea o nome do corredor español.
- 2 Rioxa cae ao chan.
- 5 O dorsal adiantou a Smith e gañou a carreira.

5. Fíxate na ilustración, di a que momento da historia pertence e describe o que ocorre.

O dorsal sobrepasa o corredor que vai primeiro. Resposta libre.



6. Que opinas de que cando Rioxa cae alguén lle diga que xa está vello para correr?

Resposta libre.

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Comprensión oral

1. Contesta as seguintes preguntas.

- Cando foron de excursión?

No mes de agosto.

- A que lugar?

Pola Serra do Courel.

- Onde dormen?

Nunha casa rural da vila.

- Que fixeron o primeiro día?

Pasearon pola vila.

- Cando chegaron ao abandonado?

Ao mediodía.

- Por que se pararon alí?

Para facer un descanso e cubrirse da chuvia.

- Por que se asustaron?

Porque saíu de súpeto unha muller.

Nome: _____	Curso: _____	Data: _____
-------------	--------------	-------------

Coñecemento da lingua

Vocabulario

1. Coa axuda do dicionario escribe o significado destas palabras.

- Soletrear: dicir separadamente as sílabas dunha palabra.
- Silabar: pronunciar unha palabra separando as sílabas.
- Catalogar: relacionar en catálogo segundo unha orde determinada.

2. Escribe unha oración con cada unha das palabras da actividade anterior. **Resposta libre.**

- _____
- _____
- _____

3. Escribe un sinónimo de:

- Soletrear: silabar, deletrear.
- Catalogar: clasificar.

4. Escribe o número de sílabas que ten cada unha das seguintes palabras.

ferrocarril	silabario	val	exame	sol	peto	sinal	dominó	dona	exclamativo
4	4	1	3	1	2	2	3	2	5

5. Clasifica as palabras da actividade anterior segundo o número de sílabas.

monosílaba	bisílaba	trisílaba	polisílaba
Val, sol	Peto, sinal, dona.	Exame, dominó.	Ferrocarril, exclamativo.

6. Escribe. **Resposta libre.**

- Unha oración cunha palabra polisílaba. _____
- Tres palabras trisílabas. _____
- Unha oración con dúas palabras bisílabas e unha monosílaba. _____

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Coñecemento da lingua


Gramática

1. Rodea os substantivos.

tixola papel galiña reloxo
 can fabuloso bastante xantar
 comer rapaz sofá pardal

2. Clasifica os seguintes substantivos en comúns e propios.

Miño cereixa Pontevedra cadro rapaza
 ordenador Pedro mestra faisán Inés



3. Cambia o número destes substantivos.

- O gato Os gatos
- Os desertos O deserto
- As montañas A montaña
- A casa As casas

4. Colorea as celas.

	améndoas	rato	azucres	biscoitos
Feminino singular				
Masculino singular				
Feminino plural				
Masculino plural				

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Coñecemento da lingua


Ortografía

1. Le o seguinte texto e contesta.

Un día mamá encontrou a Rodolfo debaixo da miña boina. Rodolfo foi a ra máis grande que tiven en toda a miña vida. Ás veces, bótoa de menos.

- Que tipos de puntos aparecen? Punto e seguido e punto final.

2. Une e escribe.



3. Le esta receita e contesta (lembra que as comas separan as enumeracións).

Ensalada completa:

- Leituga
- Tomate
- Ovos
- Atún
- Olivas

- Cales son os ingredientes da ensalada?

Leituga, tomate, ovos, atún e olivas.

4. Pon as comas neste texto (lembra que as comas serven para facer unha aclaración).

- Tinita, a miña nai, é moi fermosa. Aquel home, alto e forte, é o meu pai.

5. Completa.

- O punto e coma separa os elementos dunha enumeración cando xa hai comas, para separar oracións relacionadas entre elas.
- Despois de punto e coma escíbese en minúscula.

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Literatura

1. Le o seguinte texto.



Cando baixei a xogar ao río, non vin a Pedro, preguntei por el e dixéronme que estaba enfermo. Fun velo. Leveille uns libros de contos e o meu xogo de imáns. Pedro o día anterior comera máis mazás ca ninguén. De noite deulle dor de barriga, e febre. O seu pai chamou a Don Xosé, o médico, que veu, escoitou as tripas de Pedro e receiptoulle: auga de limón, un día de xaxún e dous días de dieta branda.

Xoán FARIAS

2. Como se chama a persoa que conta unha historia de forma oral ou escrita?

Narrador.

3. Contesta as seguintes preguntas.

- Por que estaba enfermo o amigo do narrador?

Porque comeu máis mazás ca ninguén.

- Que lle receiptou o médico a Pedro?

Auga de limón, un día de xaxún e dous días de dieta branda.

4. Agora es ti o narrador. Continúa a narración.

Resposta libre.

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Técnicas de estudo

A orde alfabética e o dicionario

1. Le.

→ Os dicionarios e as enciclopedias utilizan a orde alfabética para organizar a información.

2. Completa.

- O conxunto ordenado de letras dunha lingua chámase Abecedario, abecé ou alfabeto.
- Para que se usa orde alfabética Resposta libre.

3. Lembra e escribe o abecedario da lingua galega.

A B C D E F G H I L M N O P Q R S T U V X Z

4. Escribe V (verdadero) ou F (falso).

- Nas páxinas do dicionario:
 - V A palabra **pasta** está entre **paseo** e **patexa**.
 - V A palabra **cortiza** está antes que **cortizo**.
 - F A palabra **filial** está entre **fillo** e **filosofía**.

5. Ordena alfabeticamente as seguintes palabras.

mazá día mesa dona martelo niño

día, mazá, dona, mesa, martelo, niño

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Expresión escrita

1. Fíxate.

<p>luns 5 Facer exercicio 8 e 9 de lingua e exercicio 4 de mate</p> <p>Martes 6 _____ _____</p> <p>Mércores 7 Estou de aniversario!. Reparto lambetadas e invitacións</p> <p>Xoves 8 Hoxe ligo ten dentista, ten que saír ás doce. Un saúdo: mamá de Iván.</p>	<p>Venres 9 Control de coñecemento</p> <p>Sábado 10 Festa cos meus amigos ás seis na miña casa</p> <p>Domingo 11 _____ _____ _____ _____</p>
--	---

2. Contesta.

- Que deberes ten que facer o luns? Exercicios 8 e 9 de lingua e exercicio 4 de mates.
- Cando está de aniversario? Que vai facer ese día? O mércores 7. Repartir lambetadas e invitacións.
- Que ten que facer o xoves ás doce? Quen envía a nota? Ten dentista. A súa nai.
- Cando celebra a festa? O sábado 10.